FIDES

CANLE DO **EMPREGO PÚBLICO**

# Manual de Usuaria.

## Carreira Administrativa.

## Complemento de Desempeño

Solicitude de Grao



# Índice


- Introdución
- Acceso a**FIDES | Canle do emprego público**
- Realizar a solicitude de grao
    - Paso 1: Acceso ao formulario de solicitude
    - Paso 2. Formulario de solicitude
    - Paso 3: Asinar e presentación no rexistro electrónico
        - Utilizando certificado dixital
        - Utilizando Chave365
    - Anexo: Mensaxes do sistema
    - Como podo poñerme en contacto para pedir axuda?

# Introdución

A través de **FIDES | Canle do emprego público** pode solicitar a carreira administrativa se é persoal funcionario ou solicitar o complemento de desempeño se é persoal laboral e cumpre os requisitos establecidos na convocatoria (consulte a sección de Axuda da páxina de Inicio)

Debe manter na actualidade ou ter mantido no pasado un vínculo administrativo. Nesta situación pode facer a solicitude de carreira o complemento de desempeño seguindo as indicacións descritas nos puntos seguintes deste documento.

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# ACCESO A FIDES | Canle do emprego público

**Pode acceder**:

- Dende o portal de función pública https://www.xunta.gal/funcion-publica > Carreira administrativa ou complemento de desempeño
- Directamente en https://fides.xunta.gal .

**Pode identificarse**:

- Dende a rede corporativa, a través das súas credenciais do Directorio Activo ou mediante un certificado dixital.
- Dende fora da rede corporativa, a través de Chave365 ou mediante un certificado dixital ou DNI-e.

Consulte os certificados admitidos

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# ACCESO A FIDES | Canle do emprego público

- Dende a rede corporativa da organización




- **Dende fora da rede corporativa**



AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Realizar a solicitude de grao

## Paso 1. Acceso ao formulario de solicitude.

- **Opción 1.** Acceda premendo na opción *Solicitude carreira ou desempeño* habilitada na súa sección de favoritos da páxina de Inicio.



# Realizar a solicitude de grao

## Paso 1. Acceso ao formulario de solicitude.

- **Opción 2.** Acceda premendo no menú a opción Procesos



# Son persoal funcionario de carreira ou interino.
## En que casos poderei realizar a solicitude de grao de carreira administrativa?

- Se vostede pertence algún dos tipos de persoal descritos a continuación:

| | |
|---|---|
| • Funcionarios de carreira e interinos Administración Xeral | • Persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. |
| • Persoal funcionario de carreira e interinos das Entidades públicas integradas | • EPI do sector público autonómico de Galicia enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010 (LOFAXGA) que adaptasen os seus estatutos á dita norma e conten cunha relación de postos de traballo |
| • Persoal funcionario suxeito á Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma | • Escala de saúde pública e administración sanitaria e da subescala de atención especializada, clase ATS/DUE básicos. |
| • Persoal laboral pendente de funcionarizar | • Persoal empregado público proposto para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira como consecuencia da superación do correspondente proceso de funcionarización do persoal laboral fixo, ao abeiro do Decreto 165/2019, do 26 de decembro.<br>• Persoal que tomou posesión como funcionario durante o 2022 tralo proceso de funcionarización. |

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Son persoal funcionario de carreira ou interino.

## En que casos NON poderei realizar a solicitude de grao de carreira administrativa?

- Se vostede pertence a algún dos tipos de persoal descritos a continuación:

| | |
|---|---|
| • Persoal funcionario propio doutros entres ou que teñan o seu propio réxime de carreira. | • Consello de Contas, Valedor do Pobo, Parlamento de Galicia, Administración de Xustiza, SERGAS, CES, Consello da Cultura Galega |
| • Profesionais numerarios e mestres taller. | • O persoal pertencente ás escalas de profesores numerarios e mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros por resultarlles de aplicación o réxime retributivo establecido para o persoal funcionario dos corpos de profesores de ensino secundaria e de profesores técnicos dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. |
| • Persoal docente da Consellería de Educación. | • Ten unha retribución específica equiparable. |
| • Calquera outro persoal funcionario que non entre dentro do ámbito da función pública ou non se atope integrado na Administración Xeral. | • Persoal externo ou non integrado. |

En caso de pertencer algún dos tipos de persoal descritos nesta táboa non poderá realizar a solicitude e o sistema informaralle a través da mensaxe:

*Non pode solicitar o grao de carreira administrativa porque a 31/12/2021 non pertence o tipo de persoal funcionario incluído neste proceso.*

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Son persoal laboral. En que casos poderei realizar a solicitude de grao de complemento de desempeño?

- Se vostede pertence a algún dos tipos de persoal descritos a continuación:

| | |
|---|---|
| • Persoal laboral fixo que non superou o proceso de funcionarización ou teña a carreira suspendida. | • Persoal laboral fixo da Xunta de Galicia que cumpre os requisitos para a súa funcionarización de conformidade co establecido na disposición transitoria segunda da Lei 2/2015, do 29 de abril e do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que non se atope proposto para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira por non ter rematado o seu proceso de funcionarización.<br>• Persoal laboral fixo en virtude do Decreto 289/2001 do 15 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e aplicación do previsto na disposición transitoria décimo primeira da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia |
| • Persoal laboral fixo non funcionarizable | • Persoal laboral fixo que pertence a unha categoría non incluída no Anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro. Estas categorías relaciónanse no Anexo III deste acordo. Inclúese o persoal que estando a súa categoría incluída no citado Anexo do Decreto e tras ter superado o proceso de funcionarización non poden adquirir a condición de persoal funcionario de carreira por carecer dalgún dos requisitos exixidos pola normativa aplicable |
| • Persoal indefinido non fixo da DT 10 1ª parte | • Persoal laboral indefinido non fixo ao que lle sexa de aplicación a disposición transitoria décima, primeira parte, do Convenio Colectivo da Xunta de Galicia, por ter os mesmos dereitos que o persoal laboral fixo, en aplicación da dita disposición |
| Persoal laboral fixo - descontinuo inferior a 9 meses | • Persoal laboral fixo – descontinuo cunha actividade inferior aos nove meses ao ano |
| • Persoal laboral temporal | Persoal laboral temporal non incluído nas letras anteriores |
| Persoal do Consorcio | |

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Son persoal laboral. En que casos NON poderei realizar a solicitude de grao de complemento de desempeño?

- Se vostede pertence a algún dos tipos de persoal descritos a continuación:

- Persoal laboral fixo que non acepte o compromiso de funcionarización.
- Persoal laboral fixo da Xunta de Galicia que cumpre os requisitos para a súa funcionarización de conformidade co establecido na disposición transitoria segunda da Lei 2/2015, do 29 de abril e do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que non se atope proposto para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira por non ter rematado o seu proceso de funcionarización.

No caso de pertencer a este tipo de persoa laboral fixo no formulario vostede deberá aceptar as condicións e termos do compromiso de funcionarización para poder completar a presentación da solicitude do grao de desempeño.

DECLARO baixo a miña responsabilidade que me comprometo a participar no proceso de funcionarización que se convoque, sexa por ocupar un posto clasificado na correspondente relación de postos de traballo como de natureza funcionarial, ou sexa por acordarse que o meu posto de traballo ou a miña categoría profesional é susceptible de funcionarización. E aceptando este compromiso solicito o recoñecemento extraordinario do grao I do complemento de desempeño. Así mesmo, acepto que a non presentación ou a non superación deste proceso comportará que decaiga o encadramento do complemento de desempeño que solicito con todos os efectos derivados del.

☑ **Acepto as condicións e termos indicados no parágrafo anterior**

# Realizar a solicitude de grao

## Paso 2. Formulario de solicitude.

- Premendo no bloque SOLICITUDE CARREIRA ADMINISTRATIVA OU COMPLEMENTO DESEMPEÑO amosaráselle o formulario de solicitude.
    - Se vostede e persoal funcionario e cumpre os requisitos establecidos na convocatoria, accederá ao formulario onde se lle presenta o grado de carreira administrativa correspondente a súa solicitude de grao de carreira administrativa.



AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Realizar a solicitude de grao

## Paso 2. Formulario de solicitude.

- Premendo no bloque SOLICITUDE CARREIRA ADMINISTRATIVA OU COMPLEMENTO DESEMPEÑO amosaráselle o formulario de solicitude.
    - Se vostede e persoal laboral e cumpre os requisitos establecidos na convocatoria, accederá ao formulario onde se lle presenta o grado de complemento de desempeño correspondente a súa solicitude de grao de complemento de desempeño.



# Realizar a solicitude de grao

## Paso 1. Formulario de solicitude. ¿Que debe facer para solicitar o grao de carreira ou de desempeño?

1. Revise a información presentada no formulario.

*No caso de que identifique calquera erro na información que se lle amosa pode solicitar a súa corrección empregando o procedemento PR004A da sede electrónica. Consulte o documento de axuda para máis información.*

2. Revise e actualice os seus datos de contacto no bloque de Datos Persoais do seu EXPEDIENT-E. Deben existir como mínimo un teléfono e unha dirección de correo electrónico de contacto.






# Realizar a solicitude de grao

## Paso 1. Formulario de solicitude. ¿Que debe facer para solicitar o grao de carreira ou de desempeño?

1. No formulario, marque a caixa de verificación se xa confirmou os seus datos persoais ou revíseos. En caso de non marcar a caixa de verificación o sistema amosaralle unha mensaxe.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.
11. Prema **n no rexistro electrónico**.






# Paso 2. Asinar e presentar no rexistro electrónicamente

Para asinar e presentar a solicitude pode empregar:

- **Chave365** se accedeu a través do seu usuario de Chave365
- **Autofirma** se accedeu a través do seu certificado dixital ou a través das súas credenciais do Directorio Activo.

Proporcionaralle unha u outra dependendo do método de acceso utilizado.

# Paso 2. Asinar e presentar no rexistro electrónicamente. Autofirma

Ó premer *Presentar o* sistema pediralle a confirmación a presentación.




- Prema en **Cancelar** se precisa realizar algunha acción previa e non quere presentar neste momento. A súa solicitude crearase e se lle amosará na lista de solicitudes en estado *Pendente de Presentar*.

*Neste caso a solicitude está pendente de presentar e non finalizou o proceso. Lembre presentar a súa solicitude dentro do prazo.*



- Prema en **Aceptar** se decide continuar coa presentación da solicitude.

# Paso 2. Asinar e presentar no rexistro electrónicamente. Autofirma

Ó premer **Aceptar** aparecerán as opcións dispoñibles para comeza o proceso de asinar.




- Prema en **Cancelar** se precisa realizar algunha acción previa. Prema na <u>**ligazón**</u> habilitada na mensaxe para consultar instrucións de Autofirma.
- Prema en **Aceptar** se cumpre todos os requisitos técnicos e quere continuar co proceso.




Abrirase a aplicación AutoFirma e se lle requirira o seu certificado dixital.




¿Problemas? Consulte o manual de autofirma

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Paso 2. Asinar e presentar no rexistro electrónicamente. Chave365

Logo de premer en *Presentar* e de confirmar a presentación recibirá **no seu dispositivo móbil** asociado ao usuario de Chave365 unha mensaxe coa clave que debe introducir:

- CHAVE365: A clave de sinatura para o procedemento AP508L e: <<valorClave>> (para persoal laboral)
- CHAVE365: A clave de sinatura para o procedemento AP508F e: <<valorClave>> (para persoal funcionario)




Unha vez introducida a clave. unha mensaxe lle informará de que a firma foi validada e a solicitude de inscrición presentouse correctamente.



AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Paso 2. Asinar e presentar no rexistro electrónicamente. Entrada no rexistro.

Logo de asinar a solicitude realizase a presentación no rexistro electrónico de xeito automático. O sistema informará cunha mensaxe.

A solicitude aparecerá en estado "Presentada" e na columna *Data Presentación* indicará a data e hora de entrada no rexistro.

Ademais poderá consultar o xustificante de presentación no rexistro e o PDF da solicitude asinada nas iconas habilitadas nas columnas *Xustificante Presentación* e *Solicitude*.



AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Anexo 1. Mensaxes

Para poder solicitar o grao de carreira administrativa ou o complemento de desempeño vostede debe **estar ocupando ou reservando un posto nesta administración a 31/12/2021**. En caso contrario non poderá realizar a solicitude e o sistema informaralle a través da mensaxe:

*Non pode solicitar o grao de carreira administrativa ou o grao de complemento de desempeño porque a 31/12/2021 non está ocupando nin reservando posto nesta Administración.*

En caso de nos cumprir os requisitos establecidos na convocatoria (consulte a sección de Axuda da páxina de Inicio) non poderá realizar a solicitude e o sistema informaralle a través da mensaxe:

*Non pode solicitar o grao de carreira administrativa porque a 31/12/2021 non pertence o tipo de persoal funcionario incluído neste proceso.*

En caso de producirse un **erro técnico** que lle impida continuar co proceso o sistema informaralle a través da mensaxe:

*Produciuse un erro. Por favor, volva a inténtalo máis tarde ou póñase en contacto con Servizo de soporte.*

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Como podo poñerme en contacto para solicitar axuda?

Ponte en contacto co teu Centro de atención de referencia para achegar calquer consulta ou solicitar a axuda coa presentación.

Ou consulte o documento de axuda e preguntas frecuentes

